

# AS PALABRAS NO CAMIÑO II

36016127 IES PLURILINGÜE AQUIS CELENIS  
CALDAS DE REIS - PONTEVEDRA



Lendas  
Gastronomía  
Historia  
Arte  
Lingua  
Música  
Literatura  
Auga e fontes  
Xeneralidades



PALABRAS NO  
CAMIÑO

Proxecto interdisciplinar do  
IES P. Aquis Celenis



*Caldas de Reis,*  
*máis ca unha etapa*  
*no camiño.*



Completa o camiño  
das palabras. Accede con este  
código á  
cultura do Camiño



**BIBLIOTECAS ESCOLARES. TRABALLO POR PROXECTOS.**  
**MODALIDADE 1**

## Introdución

Obxecto ou temática de investigación propostos.

Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Documentación elaborada para profesorado e alumnado

Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

LATÍN( 4º da ESO): “Coñecendo o camiño” e “As lendas do camiño”:

FÍSICA e QUÍMICA (1º bach.): “A auga do camiño”:

ÁMBITO LINGÜÍSTICO SOCIAL( 2º ESO): “ A gastronomía do camiño”

LINGUA E LITERATURA GALEGAS (2º de bach, 3º ESO e 1º Bach): “Camiño pola lingua”,  
“A literatura do camiño” e “Poñendo voz”

HISTORIA DA ARTE (2º de bach): “A arte no camiño”

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (1º Bach): “A música do camiño”

MATEMÁTICAS: (4º ESO) “As matemáticas no camiño”

HISTORIA: “Persoeiros históricos do camiño”

ANATOMÍA APLICADA: “Coidamos a nosa saúde facendo o camiño”

LINGUA PORTUGUESA: Contactamos con Portugal

LINGUA INGLESA: O camiño máis aló da nosa lingua

TIC: Montamos os vídeos e deseñamos a app

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: Deseño de manteis e trípticos.

Recursos utilizados e enumeración das principais fontes consultadas para a investigación.

Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Entre o alumnado e o resto da comunidade educativa

Na contorna

Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Función e participación a biblioteca escolar en todo o proceso.

## Introdución

*La historia de las peripecias tecnológicas desde la invención de la escritura hasta la informática es, en el fondo, la crónica de los métodos creados para disponer del conocimiento, archivarlo y recuperarlo. La ruta de todos estos avances contra el olvido y la confusión, que empezó en Mesopotamia, alcanzó su apogeo en la Antigüedad, en el palacio de los libros de Alejandría y serpentea sinuosamente hasta las redes digitales de hoy. (Irene Vallejo, El infinito en un junco)*

*As palabras no camiño II* é a continuación de *As palabras no Camiño* (proxecto presentado e premiado neste mesmo concurso na convocatoria 2018-19). Obviamente, “o camiño” é o de Santiago, que trae á vila de Caldas de Reis (na que está situado o noso instituto) a quen decide peregrinar dende Portugal, e “as palabras” son as que, coma galegofalantes, compartimos con estes peregrinos que veñen falando en portugués e a quen, xa que nos entendemos perfectamente, quixemos achegarlles os aspectos máis significativos dunha cultura que temos de noso pero que en moitos casos é herdanza da que na orixe compartimos.

*As palabras no camiño* é unha app para Android deseñada polo alumnado, cuxo obxectivo é permitir ao camiñante que se achega dende Lisboa descubrir de maneira lúdica **aspectos da cultura galega contados en galego** e subtitulados en inglés. Se na versión inicial a app ofrecía un xogo de adiviñas que permitía a quen a usaba visualizar diversos vídeos nos que se mostraba a riqueza paisaxística e cultural da vila de Caldas de Reis, agora complétase cun novo xogo co que se acompaña a quen camiña nestas etapas tan próximas á meta. Así, dende Caldas até Santiago, os e as peregrinos que veñen de fóra de Galicia poden visualizar nove novos vídeos nos que o noso alumnado lles vai explicando en galego como é a Galicia que están coñecendo no seu camiñar: a gastronomía, a música, a literatura, a arte, as augas, a lingua...

*As palabras no camiño II* complétase co deseño dunha serie de materiais de reclamo turístico (manteis, trípticos...) que os establecementos hostaleiros e comerciais da vila empregarán para faceren(se) publicidade e que, a través de códigos QR, darán acceso aos vídeos antes mencionados.

Tanto a app como os materiais para a hostalería e comercio son o produto dun proxecto interdisciplinar elaborado con vocación de aprendizaxe-servizo que perminten proxectar cara ao exterior da comunidade escolar o traballo realizado polo alumnado e darlle sentido ao mesmo.

## O porqué

No Aquis Celenis (nas *augas dos celenos*), conscientes de que a **cultura do audiovisual e as novas tecnoloxías da comunicación** son as augas nas que nadan coma peixes as nosas alumnas e alumnos, quixemos aproveitar a corrente para empurralos cara ao mar da **alfabetización informacional**, porque sabemos tamén, por experiencia, que non todo o que vén á “rede” é peixe e que as nosas alumnas e alumnos, ao seren nativos dixitais, nadan sen medo dende ben cedo nas augas da internet, cando se cadra aínda non están preparados máis que para mollar os pés...

É innegable que a internet é unha revolución na almacenaxe da información que antes ateigaba quilómetros de andeis nas bibliotecas, pero tamén o é que para saber localizar a información, seleccionala e procesala, as bibliotecas seguen sendo esenciais e os centros de ensino, e as bibliotecas escolares, teñen que asumir esta función. A alfabetización informacional e dixital foron os nosos obxectivos con este proxecto.

Outro obxectivo foi que o noso alumnado, a través da investigación necesaria para a realización dos vídeos que se integran na app, descubriese diversos aspectos da cultura galega e se auto-recoñecese nela ao tempo que, ademais, lle permitise entender a importancia da nosa lingua como vehículo de comunicación, tamén internacional.

## O para que

Ao encetarmos este proxecto facémolo sabedores e sabedoras de que este tipo de metodoloxía de traballo é a máis acaída para logramos que o alumnado acade as competencias clave, é dicir, aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que van precisar para a realización e desenvolvemento persoal e a inclusión na sociedade. Unha sociedade na que a cantidade de información da que dispoñemos é tan abafante que se fai imprescindible saber xestionala; por iso centramos este proxecto na alfabetización informacional, é dicir, en coñecer a información necesaria para o que precisan, localizala en diversas fontes, avaliala para decidir a súa idoneidade, organizala, decidir utilizala con criterios éticos e finalmente empregala utilizando as ferramentas tecnolóxicas precisas para xerar novos contidos. Todo isto permitiunos mellorar as seguintes competencias clave:

❖ **A Competencia en Comunicación lingüística (CL)** implica unha actuación comunicativa na que o

alumnado actúa con outros interlocutores a través de textos, nunha ou varias linguas (neste caso en galego, portugués e inglés), en diversos formatos e soportes, e de xeito individual ou colectivo. O que queríamos era que o noso alumnado fose produtor e receptor de mensaxes de diversas modalidades e mediante diferentes soportes de comunicación: oral e escrito, pero tamén audiovisuais e mediados polas TICs.

❖ **A Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT)** proporciona un achegamento ao mundo físico e a interacción responsable con el. A nosa intención foi que o noso alumnado usase os coñecementos adquiridos nas materias (Matemáticas, Anatomía aplicada, TIC, Física e Química) para, a través do método científico, explicar a natureza, formular preguntas e extraer conclusións.

❖ **A Competencia dixital (CD)** implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Para a elaboración dos produtos finais o alumnado tería que saber manexarse en internet (onde e como localizar a información) empregar as ferramentas que permiten almacenar a información e o traballo colaborativo en rede, e tamén ser quen de xerar contidos empregando diversas ferramentas dixitais.

❖ **Aprender a aprender (CAA)** Esta competencia busca que o alumnado sexa quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, que adquira capacidade para motivarse a aprender, curiosidade e autorregulación do propio proceso de aprendizaxe. Neste sentido, marcar como obxectivo a elaboración dun produto final conxunto implica a necesidade de planificación nos tempos e de organización, non só no traballo de realización individual senón tamén cos compañeiros e compañeiras integrantes dun determinado equipo; por todo isto, é unha das ferramentas máis idóneas para a consecución desta competencia. Por outro lado, unha das claves para que este proxecto saíse adiante era a investigación, a autoformación, o aprender facendo.

❖ Para acadar as **Competencias sociais e cívicas (CSC)**, de tipo persoal e tamén interpersoal, cómpre que o alumnado participe dun xeito eficaz e construtivo na vida social e sexa quen de resolver os conflitos que xorden na interrelación cos compañeiros e compañeiras e de xestionar aquelas outras situacións ás que se ten que afrontar na preparación do seu traballo. En todas e cada unha das tarefas planificadas para as diferentes materias, a adquisición desta competencia ocupa un papel destacado, por iso se emprega como metodoloxía o traballo cooperativo.

❖ **O Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** refírese á capacidade de asumir riscos e á habilidade de atreverse a transformar as ideas en actos. Está relacionada coa creatividade e a innovación, así como coa planificación das accións necesarias para desenvolver proxectos, individuais ou colectivos, e responsabilizarse deles, tanto no ámbito persoal coma no social e laboral. Inventar un xogo, deseñar, crear unha app... aí é nada.

❖ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento persoal e colectivo. Tamén a adquisición desta competencia é especialmente relevante no noso proxecto, xa que o alumnado ten que (re)coñecer o patrimonio histórico, literario, musical, gastronómico, artístico... e, ao tempo que participa na súa divulgación, toma conciencia da súa valía e axuda na súa posta en valor. Por suposto, para acadar estas competencias, cada profesor/a de cada unha das materias implicadas seleccionou os contidos e os estándares que ía traballar co alumnado e tamén os criterios de avaliación que ía empregar, de acordo co estipulado previamente nas respectivas programacións. Detallamos esta información referida a cada unha das materias e cursos na seguinte ligazón: [Estándares, criterios de avaliación](#)

## **O como**

Obviamente, nun proxecto que ten como base a investigación e busca de información para procesala e logo difundila a través da creación de produtos propios, a función da biblioteca escolar é esencial. A biblioteca convértese no motor na planificación das tarefas levadas a cabo polas distintas materias. Deste xeito, tal como levamos facendo nos últimos cursos, enfocamos o proxecto a través dunha liña no noso PFPP coordinada pola biblioteca que, ao mesmo tempo que nos ía ofrecer as horas necesarias para as reunións entre o profesorado participante, nos permitise tamén a formación naqueles aspectos que considerásemos precisos, neste caso a edición de vídeo.

Por outra banda, traballamos man a man co EDLG, pois compartimos o obxectivo de potenciar o uso da lingua galega no centro e de normalizar o seu uso na comunidade escolar, de aí que As palabras no Camiño sexa un produto que se presentou tamén como proxecto de innovación en dinamización.

## **O quen**

Queríamos que o proxecto implicase o maior número de alumnado e profesorado do centro, e así foi, nalgunha fase do proxecto participou todo o alumnado do centro e case a metade do profesorado.

En concreto, participaron no proxecto, a través da realización de actividades planificadas nas aulas nas diferentes materias, todo o alumnado da ESO (nalgúns casos en varias materias) e tamén o matriculado nas materias de TIC de 1º e 2º de bacharelato, en Anatomía aplicada de 1º de bacharelato, en Física e Química de 1º de bacharelato e en Lingua galega de 1º e 2º de bacharelato. Ademais participou tamén o alumnado de 4º da ESO do CPI Alfonso VII na materia de Lingua Inglesa.

En canto á participación do profesorado, implicáronse 12 departamentos (incluíndo a biblioteca) e un total de 18 profesoras/es, que son os seguintes: Lingua Galega: Ana María Rial Aparicio, María Teresa Vilar Álvarez (coordinadora Biblioteca), Anxo Rei Lago; Davide Fernández García; Portugués: Antonio Domínguez Augusto; Música: Pedro Manuel Lamas Carral; TIC: Rexina Ortigueira Lestón, Inés González Rodríguez; Xeografía e Historia: José Manuel Fariña Jamardo, José Formigo Couceiro, David Mourenza Arias ; Latín: María Porto Carballo; Matemáticas: Libertad Fraga Grueiro, Antón Fernández de Sanmamed Ayaso; Física e Química: María Belén Gosende Bragaña, Pedagogía terapéutica: Cristian Riós Fernández, Educación Física: Mercedes Jara Fernández e Lingua Inglesa do CPI Alfonso VII: Sonia Calvo.

## **O cando**

Levounos todo o curso. Nunha primeira fase só traballou o profesorado, tocaba deseñar, decidir, consensuar... Unha vez que o tivemos claro empezou a fase de execución, na que xa participou toda a comunidade educativa (cadaquén no seu papel), pero esta fase xa a explicamos con máis detalle no apartado 3 desta memoria.

### **Obxecto ou temática de investigación propostos.**

*As palabras no camiño* é unha aplicación móbil, un xogo que consiste en resolver 23 adiviñas no traxecto que vén dende Lisboa ata Caldas empregando como fíos condutores a lingua galega, a historia, o camiño de Santiago e os lazos lusófonos. *As palabras no Camiño II* é unha nova app que integra a inicial e ademais dá acceso a 9 vídeos documentais. Daquela a temática de investigación é variada e podemos dividila en

catro bloques:

- a) Relacionada coa competencia dixital: como crear unha aplicación para o sistema operativo Android e edición e montaxe de vídeos.
- b) Relacionada coa alfabetización informacional
- c) Relacionada coa competencia lingüística: prosodia e linguaxe oral (a lectura expresiva), elaboración de textos expositivos-divulgativos.
- d) Relacionada cos contidos específicos das diferentes materias para a elaboración do contido dos vídeos documentais: legado da cultura romana en Galicia; lendas galegas relacionadas co Camiño; a auga das fontes do Camiño; a gastronomía; historia da lingua galega e variacións dialectais ao longo do Camiño en Galicia: a literatura galego-portuguesa medieval e a figura de Rosalía de Castro; os monumentos artísticos do Camiño; a música tradicional en Galiza e Portugal; varios aspectos matemáticos (regularidade dos anos xacobeos, rosetóns, azulexos e mosaicos no camiño portugués, matemáticas na cuncha do camiño de Santiago e fitos no camiño de Santiago, movemento do botafumeiro, reloxos solares no camiño de Santiago); personaxes históricos do Camiño, aspectos prácticos para facer o Camiño.

### **Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta**

Partimos dunha metodoloxía cooperativa e interdisciplinar, traballando dende os diversos departamentos con grupos nos que o alumnado era consciente dese traballo transversal e de formación integral, no que se implicou como un activo máis. Unha vez presentado o proxecto e escoitadas as propostas de participación e achegas de ideas, completáronse os obxectivos principais do traballo dándolle forma ao que sería o produto final. Posteriormente, fixamos reunións presenciais do profesorado para coordinar as tarefas e dar conta dos avances do traballo e para poñer en común o grao de consecución de obxectivos así como os prazos de execución. En canto ao deseño das actividades elaboradas en cada materia, partiuse da implicación do alumnado como axente activo en todo o seu desenvolvemento, pois o feito de contarmos cunha porcentaxe importante de galegofalantes permitiunos empregalos como referente para o resto do alumnado. Por isto foi común en todas as materias empregar unha metodoloxía cooperativa, na que a



práctica da oralidade entre iguais foi a base da organización dos equipos de traballo, nos que, ademais, se buscou a integración académica e social do alumnado con necesidades educativas específicas e se fomentou a posta en valor das intelixencias múltiples. Obviamente, no deseño do proxecto tívose en conta que, debido ás circunstancias especiais que este ano se produciron por mor da pandemia, en moitos casos a maioría dos equipos de traballo, empregarían ferramentas dixitais de traballo colaborativo.

A planificación inicial foi a seguinte:

❖ **1º trimestre: Preparación**

- Introducción e documentación para o traballo, preparación, formación, organización das actividades e sesións, presentación ao alumnado.
- Elaboración en cada materia dos equipos de traballo e inicio da busca da información.
- Contacto do alumnado de portugués con institucións portuguesas

❖ **2º trimestre: Execución do proxecto**

- Elaboración dos textos expositivos para os documentais temáticos en cada materia implicada.
- Revisión lingüística dos textos
- Busca de material gráfico para acompañar o audio dos vídeos en cada unha das materias implicadas.
- Tradución dos textos ao inglés para os subtítulos
- Gravación dos audios na radio escolar (alumnado de 1º de ESO e PMAR)
- Preparación das entradas do blog para explicar o traballo realizado en cada materia.
- Contactos por parte do EDLG coas asociacións de comerciantes e hostalaría da vila para implicalos na difusión do material.

❖ **3º trimestre: fusión e elaboración do traballo final e difusión do proxecto.**

- Formación do profesorado na edición de vídeos.
- Montaxe dos vídeos: alumnado de TIC de 4º da ESO e 1º bacharelato
- Creación da app: alumnado de TIC II, 2º bacharelato
- Deseño dos materiais adicionais: trípticos e manteis para a hostelería que dan acceso aos vídeos.
- Difusión do proxecto nos medios de comunicación e consecución do compromiso do Concello de

asumir os custos de distribución dos materiais adicionais.

### **Documentación elaborada para profesorado e alumnado**

Con respecto ao profesorado, o papel da biblioteca foi de coordinación do proceso e de busca das posibilidades de formación. En canto ao alumnado, dado que todas as tarefas eran dirixidas dende as respectivas disciplinas implicadas no proxecto, foron os propios docentes os encargados de elaboralas. A biblioteca achegou un lugar de encontro e reunión, non só para consultar os fondos e obras de referencia, senón para poñer en valor a biblioteca do centro como un lugar idóneo para o traballo.

### **Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.**

A elaboración da app foi o destino, ao que se chegou a través dos pasiños dados coas actividades realizadas nas diferentes materias e que deixaron como pegada nove documentais. Velaquí a equipaxe que portaba cada materia nesta peregrinación cara á app:

#### **LATÍN( 4º da ESO): “Coñecendo o camiño” e “As lendas do camiño”:**

Realizáronse traballos de investigación e síntese relacionados coa parte da materia que trata o legado da cultura romana en Galicia, a comparación entre a Vía XIX e o Camiño Portugués e o estudo dos topónimos viarios do Camiño Portugués. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/xeneralidades-do-camino/>

Tamén se fixo un traballo de investigación sobre lendas galegas relacionadas cos lugares por onde pasa o Camiño Portugués que puidesen asociarse cos mitos, lendas e historias da tradición grecolatina. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/as-lendas-no-camino/>

#### **FÍSICA e QUÍMICA (1º bach.): “A auga do camiño”:**

Busca e localización de fontes no camiño; investigación sobre as diferenzas entre augas minerais e augas termiais; recollida de información sobre os valores máximos permitidos nos parámetros químicos que establecen a calidade da auga; análise no laboratorio das mostras de augas procedentes de fontes situadas no camiño, todo isto levounos a redactar parte do texto deste vídeo: <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-auga-no-camino/>

#### **ÁMBITO LINGÜÍSTICO SOCIAL( 2º ESO): “ A gastronomía do camiño”**

Traballouse desde unha perspectiva práctica a busca e tratamento da información, a utilización das

ferramentas TIC, a aprendizaxe funcional dos contidos lingüísticos, as técnicas de análise, síntese e contido, a produción de textos expositivos e a lectura en voz alta.

<https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-gastronomia-do-camino/>

### **LINGUA E LITERATURA GALEGAS (2º de bach, 3º ESO e 1º Bach): “Camiño pola lingua”, “A literatura do camiño” e “Poñendo voz”**

Á hora de ofrecer información sobre como é a nosa cultura, unha das primeiras explicacións tiña que ser sobre como falamos e que relación ten (e tivo) a nosa lingua coas linguas veciñas. Aí é nada!, medio temario de 2º de bacharelato concentrado nun vídeo de 3 minutos! Un total de 28 vídeos, realizados cada un deles por un dos 28 equipos de traballo nos que se organizou todo o alumnado dos 5 grupos de 2º de bacharelato! E logo... veu o traballo frankenstein: recompoñer un único vídeo a partir das 28 propostas... e o resultado foi o **“Camiño pola lingua”**: <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/camino-pola-lingua/>

O alumnado de 3º da ESO e de 1º de bacharelato participou deste proxecto a través de cadansúas tarefas dirixidas que deron como resultado o vídeo **“A literatura no camiño”**. En 3º da ESO investigaron a vida e a obra de Rosalía de Castro; en 1º de bacharelato centráronse na literatura medieval galego-portuguesa. Nos dous cursos dividimos o total de alumnado en grupos que debían investigar sobre un apartado temático diferente, despois elaborar unha presentación dixital e un traballo escrito e expoñer oralmente o resultado diante do resto da clase que, á súa vez, debía responder as preguntas que os grupos prepararon en aplicacións de gamificación. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-literatura-no-camino/>

O volume, o ritmo, a vocalización e a entoación foron os mihais que nos indicaron o camiño cara á locución dos textos do proxecto en 1º da ESO. O obxectivo foi poñerlle voz aos vídeos temáticos guionizados polos diferentes cursos. Tráballouse cos documentos para comprendelos, buscar as palabras forza, marcar as pausas e conseguir a entoación máis axeitada. Finalmente, acadouse o obxectivo e graváronse os textos na radio do centro. Primeiro de ESO é **a voz destas palabras** no camiño... <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/ponendo-voz/>

### **HISTORIA DA ARTE (2º de bach): “A arte no camiño”**

O alumnado fixo estudos de detalle dos diferentes estilos artísticos dende a prehistoria ata a arte

contemporánea, para analizar así as diferencias e as similitudes a ambos lados da Raia. Alumnado e profesorado tamén completaron o traballo con material fotográfico da súa autoría para poder explicar dun xeito máis visual as súas conclusións e logo elaboraron o texto expositivo que se escoita no vídeo que trata este aspecto. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-arte-no-camino/>

### **LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (1º Bach): “A música do camiño”**

Redactouse un texto onde se ofrece unha visión da música tradicional-folclórica galega e portuguesa para achegarlla á xente que realiza o Camiño. Por outra banda, escolleuse un/ha artista galego/a e un/unha portugués/a e analizouse un tema musical atendendo a elementos da linguaxe musical, realizando exposicións orais ante o resto de compañeiros/as. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-musica-do-camino/>

### **MATEMÁTICAS: (4º ESO) “As matemáticas no camiño”**

Contribuíuse a través dun texto expositivo introdutorio no que se fala de xeneralidades matemáticas do camiño: regularidade dos anos xacobeos; rosetóns, azulexos e mosaicos no camiño portugués; matemáticas na cuncha do camiño de Santiago; fitos no camiño de Santiago; movemento do botafumeiro, reloxos solares no Camiño . Foi un traballo ben interesante, aínda que a limitación de tempo no vídeo só permitise achegar unhas liñas ao mesmo! <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/as-matematicas-no-camino/>

### **HISTORIA: “Persoeiros históricos do camiño”**

Os estudantes de 2º e 4º ESO profundaron no estudo e análise da historia de Galicia e Portugal a través dunha serie de personaxes e feitos destacados. As tarefas comezaron coa escolla daquelas figuras e feitos máis senlleiros do devir histórico galego e portugués, tendo en conta que tivesen relación co paso do Camiño Portugués. Tras a ardua tarefa de peneirar a nosa historia, os estudantes procederon a buscar e procesar información e tamén imaxes ilustrativas, usando webgrafía e bibliografía. Finalmente déuselle forma a un pequeno texto para o vídeo do produto final. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/a-historia-no-camino/>

### **ANATOMÍA APLICADA: “Coidamos a nosa saúde facendo o camiño”**

Inicialmente decidíronse os contidos que se ían achegar ao vídeo “Xeneralidades do camiño”. Repartiuse

a busca de información por grupos e optouse por centrar a achega desta materia en como se poden solucionar, ou evitar, os problemas físicos que poidan xurdir aos camiñantes.

<https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/coidamos-a-nosa-saude-facendo-o-camino/>

### **LINGUA PORTUGUESA: Contactamos con Portugal**

O alumnado de “Segunda Lingua Estranxeira (Portugués)” de 4º da ESO solicitou aos concellos portugueses por onde pasa o Camiño información sobre fontes e, de ser posible, mostras de auga para integralas noutras partes do proxecto. Para iso, traballaron a carta formal e logo o alumnado enfrontouse a un contexto real de comunicación no que tiveron que xestionar a resposta recibida dos diferentes concellos.

Noutra parte da nosa colaboración, traballouse na aula unha das lendas máis coñecidas en Portugal en relación co Camiño, a do Galo de Barcelos. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/05/29/contactamos-con-portugal/>

### **LINGUA INGLESA: O camiño máis aló da nosa lingua**

A profesora e o alumnado de 4º ESO do CPI Alfonso VII traduciron do galego ao inglés a información que se recolle nos vídeos e que figura nos mesmos a modo de subtítulos. Foi unha magnífica oportunidade de seguir tendendo pontes entre os dous centros veciños, tendo en conta, ademais, que o destino de gran parte do alumnado do CPI Alfonso VII cando remata a educación secundaria é, precisamente, o propio instituto.

### **TIC: Montamos os vídeos e deseñamos a app**

O alumnado de TIC de 4º ESO e o de TIC I de 1º Bacharelato converteron os documentos, audios, imaxes... en vídeos. Facer a montaxes de vídeos é sempre un proceso moi laborioso, que se complica facilmente unhas veces porque se “colga” o programa, outras porque non se dan axustado as imaxes... iso sen falar dos atrasos que se producen nas etapas de produción. Despois de rematados os vídeos subíronse á canle de YouTube do Aquis: Aquisvideo, na listaxe de reprodución “As palabras no camiño II” <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/06/17/montamos-os-videos/>

Acceso á listaxe de reprodución:

<https://youtube.com/playlist?list=PLyEo5qZYFG-LoL5mBaVpBVrvdBPjIEh9w>

O primeiro reto do alumnado de TIC II de 2º Bach foi programar unha app para móbiles Android que liga

os nove vídeos resultantes. Para pasar dun a outro hai que responder unha pregunta relacionada co vídeo (hai tres posibles respostas), de non acertar, obriga a volver ver o vídeo e despois formula unha pregunta diferente. Á terceira vez que non se acerta permite pasar ao seguinte vídeo. O segundo reto, foi unir esa app coa do curso 2018-2019. <https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/06/27/creacion-da-app/>

### EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: Deseño de manteis e trípticos.



Fomentar o uso do galego por parte do alumnado, do profesorado e da comunidade educativa é unha das finalidades deste proxecto. Para lograr a maior difusión posible o alumnado do EDLG deseñou manteis e trípticos con acceso mediante códigos QR aos 23+9 vídeos para a hostalería e o comercio de Caldas de Reis que, coa colaboración do Concello, serán distribuídos na vila.

<https://iescaldasletras.wordpress.com/2021/06/22/creacion-e-entrega-de-manteis-e-tripticos/>

Antes de rematar este apartado cómpre facer mención a que as circunstancias excepcionais causadas pola COVID impediron que se puidesen realizar algunhas actividades in situ por parte do alumnado (por exemplo a recollida de augas, a visita ás obras arquitectónicas, visita á Casa Museo de Rosalía...) que, sen dúbida, contribuirían á motivación mais, así e todo, os obxectivos previstos puidéronse suplir por outros medios.

## Recursos utilizados e enumeración das principais fontes consultadas para a investigación.

Para levarmos a cabo este proxecto o profesorado participante debeu de formarse, ao tempo que deseñaba as actividades que proporía ao alumnado. Velaquí a bibliografía consultada:

a) Sobre alfabetización informacional:

- <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000216099?locale=es>

- <http://unesco.mil-for-teachers.unaoc.org/introduccion/?lang=es>

<http://unesco.mil-for-teachers.unaoc.org/modules/modulo-1/unidad-1-comprender-la-alfabetizacion-mediatica-e-informacional-una-orientacion/?lang=es>

- <https://labibliotecaescolar.files.wordpress.com/2010/02/dr4becrea.pdf>

b) Sobre edición de vídeos

- <https://www.openshot.org/es/>

- <https://www.openshot.org/user-guide/>

- <https://megatutos.com/html/megatutos/section/openshot>

Pola súa banda, o alumnado manexou abondosa documentación específica sobre os contidos de cada un dos vídeos pero, dado que resulta imposible detallala toda dado o límite de espazo desta memoria, pode consultarse no seguinte documento de uso interno no equipo de traballo:

<https://docs.google.com/document/d/1Irbxiw5x1xPP15oBBAOyl6TLc4uFmXv-Ioe5C7FPuo4/edit>

## Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

Ademais do alumnado e profesorado participante no proxecto, hai que destacar a coordinación permanente co equipo directivo e sintonía completa nos obxectivos que se queren conseguir co proxecto, ( convén aclarar que tres dos seus integrantes formaron parte do mesmo), un exemplo é a solicitude que se fixo para que se normalizase o uso do galego no editor de vídeo que se emprega nos ordenadores Edixgal (con éxito!), ou o apoio á coordinadora do proxecto nas relacións coa administración local.

Convén aclarar que por razóns relacionadas coa pandemia renunciouse á participación directa doutras persoas da comunidade educativa do Aquis, aínda que si hai que salientar a colaboración do CPI Alfonso VII a través da profesora que imparte a materia de Lingua inglesa en 4º da ESO e, por suposto, do seu

alumnado.

### **Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.**

Cando unha comunidade educativa como a nosa se implica para sacar adiante un proxecto, un dos puntos básicos debe ser a difusión. Dar a coñecer o proxecto é fundamental, por iso a través do grupo oficial de whatsapp xestionado pola dirección do centro publicítáronse para todo o profesorado as noticias que saíron na prensa relativas ao proxecto e tomouse como referencia para a elaboración do Plan de Mellora do centro.

### **Entre o alumnado e o resto da comunidade educativa**

O proxecto difundíuse entre o alumnado na páxina web, en canais de youtube, redes sociais do centro e tamén no blog da biblioteca <https://iescaldasletras.wordpress.com/category/as-palabras-no-camino/>, que serviu de caderno de bitácora. Do mesmo xeito, as familias tiveron información do proxecto a través das relacións co profesorado e tamén mediante correo electrónico dirixido dende a dirección do centro. Tamén se deu a coñecer a través da revista escolar (Ruxe-ruxe) e mais da axenda escolar que se reparte gratuitamente a todo o alumnado da ESO.

### **Na contorna**

Xa que o traballo reverte de forma moi positiva na vila de Caldas de Reis, foi prioritario dalo a coñecer no seu contexto. Realizouse unha entrega pública dos materiais elaborados para as asociacións de comerciantes e hostalaría, á que asistiron a dirección do centro e representantes do Concello, que recolleron algúns medios de comunicación <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/caldas-de-reis/2021/06/22/el/00031624359368756322643.htm> e se difundiu no blog da biblioteca: <https://aquisproxecta.wordpress.com/2021/06/21/entrega-de-manteis-e-tripticos/>.

Cómpre salientar que o propio camiño, cos seus peregrinos e peregrinas, serán uns axentes de difusión determinantes para que o noso proxecto traspase fronteiras.

### **Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.**

A avaliación do proxecto foi moi positiva, pódese ver no produto final e na variedade de tarefas realizadas dende cada departamento, así como no coidado da súa elaboración. Cada unha destas tarefas foi avaliada



nas correspondentes materias seguindo os criterios de avaliación predeterminados (rúbricas, listas de cotexo...). Dende un punto de vista máis global, pensamos que se acadaron os obxectivos propostos, pois a través do produto final conseguimos que o alumnado mellorase todas as competencias básicas ao tempo que se poñía en valor o idioma de noso a través dunha práctica que asocia o galego coas novas tecnoloxías da información e da comunicación, vinculándoos ademais a través dunha metodoloxía dinámica que fomenta o uso adecuado das novas tecnoloxías con igualdade e equidade a través do traballo cooperativo. Por outro lado, valoramos moi positivamente a implicación do profesorado e do alumnado, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo, o que nos leva a concluír que tamén se acadou outro dos obxectivos perseguidos: conseguir que a biblioteca se converta nun foco dinamizador do centro.

### **Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.**

A función da biblioteca escolar foi dobre, por unha banda, como coordinadora do proxecto, posibilitou o acceso á formación necesaria ao profesorado que participou no mesmo, e por outra, colaborou activamente na aplicación das técnicas aprendidas para mellorar a atención que ofrecemos ao alumnado.

Noutras circunstancias (así foi en proxectos de cursos anteriores) a biblioteca sería tamén un espazo físico de traballo, pero este foi un ano moi especial no que as medidas establecidas no protocolo covid provocaron que a nosa biblioteca, de espazo moi reducido, permanecese pechada ao alumnado e só se puidese facer uso da mesma para o servizo de préstamo de libros. Esta dificultade non impediu que a biblioteca seguise sendo motor, só houbo que adaptarse... Máis que nunca, a coordinación entre o profesorado responsable de cada materia e a responsable da biblioteca foi fundamental, pois posibilitou a intermediación entre alumnado e biblioteca para que esta puidese realizar o asesoramento sobre as fontes de información e consulta.

Agardamos que a realidade dunha biblioteca activa e dinámica que estamos a crear siga medrando e que xa no próximo curso se poida volver converter nun espazo accesible e próximo, sen distancias de seguridade...